

PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PUBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SIN ANIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FISICO-DEPORTIVOS NO 2017, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA

OBXETO

O obxeto das presentes bases e a de subvencionar a entidades deportivas sin animo de lucro para organización de eventos de carácter físico-deportivo no 2017 , orientados prioritariamente ao deporte de base

BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Poderan acceder a estas axudas toda-las entidades deportivas con sede no Concello de Ribadavia, debendo estar dadas de alta no rexistro de asociacións do Concello , que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar dadas de alta no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia
- Ter a sua sede social no Concello de Ribadavia
- Cada entidade podera presentar solicitude como máximo para 2 eventos, debendo presentar unha solicitude por cada proxecto.

DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

Conforme a partida establecida a tales efectos no orzamento do 2017/448.00 341 cunha dotación de 4000 Euros.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable, que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións.

Os conceptos obxeto de subvención seran, exclusivamente:

- Gastos de arbitraxes
- Gastos de desprazamentos
- Trofeos e premios
- Material deportivo
- Gastos de promoción(carteleria,web, etc)
- Seguros
- Algueiro de instalación
- Manutención de deportistas e persoal da organización
- Honorarios técnicos

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

As subvencións concedias serán compatibles con outras axudas concedidas por outras institucións , para os mesmos fins. Tendo en conta que en ningún caso poderan superar o 70% do orzamento previsto



PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva
2. Ao rematar o prazo de presentación de solicitudes , remetirase ao servizo municipal de deportes , para que sexa informado para a instrución do expediente e comprobación da documentación. Examinada a documentación a presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para enmendar as deficiencias que afectan exclusivamente a documentación administrativa.
3. Concluído o prazo de tramite de enmenda de deficiencias volverase a remitir ao Servizo Municipal de Deportes que achegara un informe avaliado segundo a documentación presentada.
4. Esta proposta será sometida ao Consello Rector , que elevara a proposta de resolución provisional.
5. A resolución provisional daraselle traslado aos interesados para que no prazo de dez días hábiles poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Ditas alegacións serán resoltas polo Consello Rector.
6. Resoltas as alegacións, polo consello rector, farase publica a resolución definitiva.

INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrucción do procedemento de concesión corresponderalle ao Director do Servizo Municipal de Deportes que poderá levar a cabo cantas actuacións estime precisas para a comprobación dos datos e documentación aportada polos solicitantes emitindo informe de proposta de resolución. O órgano encargado de emitir informe de avaliación estara composto polo Presidente ou Vicepresidente do Consello Rector, o secretario do concello, o interventor do concello, o director do servizo municipal de deportes , dando traslado do mesmo para a súa aprobación ao consello rector cuxa aprobación elevara a resolución provisional do procedemento de concesión.

PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación de solicitudes será ata o 30 de Outubro do 2017.

As solicitudes presentaranse nos modelos que o propio Concello de Ribadavia facilitará dentro do prazo conferido ao efecto.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERAN PRESENTAR OS SOLICITANTES

a) Documentación Administrativa:

1. Solicitude dirixida ao Presidente do Consello Municipal de Deportes **(Anexo I)**
2. Fotocopia do CIF, da entidade.
3. Fotocopia cotexada do DNI do representante da entidade.
4. Certificación da conta bancaria expedida polo banco ou caixa correspondente
5. Certificado de inscrición no correspondente rexistro da Xunta de Galicia.





6. Declaración do solicitante no que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas ou concedidas , para os mesmos fins, de outras administracións publicas (**Anexo I**)
7. Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social(**Anexo II**)
8. Autorización para recibir a través do enderezo electrónico a comunicación, e calquer outra comunicación : prazo de enmenda da documentación, tramite de audiencia, resolución etc. (**Anexo III**)

b) Documentación para avaliación da solicitude

9. Orzamento de ingresos e gastos (**Anexo IV**)
10. Breve discrición do proxecto (**Anexo V**), recollendo de xeito claro os aspectos varemables do proxecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Establecendose o seguinte baremo para a concesión das axudas:

- **Categoría do evento:** Internacional(10 puntos) , Nacional (5 puntos) Autonomico(3 puntos), Provincial(2 puntos), Local(1 punto)
- **Tipo de evento:** Federado (5 puntos), Popular (2 puntos)
- **Volumen de participantes :** Ata 100 participantes (1 punto), 101 a 300 participantes (2 puntos), Mais de 301 participantes (3 puntos)
- **Participantes :**
 1. **Base :**100% (3 puntos), 50% a 99% (2 puntos)
 2. **Feminino :** Mais do 40% (2 puntos)
 3. **3ª Idade :** 1 punto
 4. **Discapacitados :** 1 punto
- **Número de xornadas :** 2 ou mais xornadas (1 punto)
- **Orzamento :** ata 1000€ (1 punto) ; 1001€ a 2000€ (3 puntos); mais de 2001€ (5 puntos)
- **Esfuerzo económico :** ata o 40% (1 punto) ; 41% a 60% (3 puntos); 61% a 80% (5 puntos)
- **Para eventos de ámbito autonómico,nacional e internacional, publico asistente :** ata 100 persoas (1 punto); de 101 a 300 persoas (2 puntos); mais de 300 persoas (3 puntos)
- **Antigüidade do evento ,so se tera en conta cando se interrumpa máximo 1 ano de xeito consecutivo :**3ª a 5ª edición (1 punto); 6ª a 10ª edición(3 puntos); 11ª en adiante (5 puntos)

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios destas axudas deberán cumprir cos obxetivos , someterse as actuación de comprobación do órgano instructor aportando canta información sexa requerida . Asemade estarán obrigados a comunicar ao Consello Municipal de Deportes calquera modificación,variación etc. entre o proxecto presentado e a execución do mesmo. Deberan proceder ao reintegro dos fondos percibidos no suposto de uso indebido dos mesmos



ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN

XUSTIFICACIÓN

A xustificación debera realizarse ante o Concello de Ribadavia tendo o beneficiario un mes de prazo dende que se faga publica a resolución definitiva.

Para o que deberá presentar a conta xustificativa , composta polos seguintes documentos:

- Relación de gastos da actividade, según orzamentos presentado(**ANEXO IV**) con identificación do acredor importe e data de emisión
- Facturas xustificativas en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento . No caso de gastos de arbitraje, achegarase certificación do colexio de árbitros . No caso de gastos de desprazamentos deberase presentar documento asinado polo perceptor co VºBº do presidente, onde se reflectan nome ,apelidos e NIF do perceptor eo CIF da entidade ao prezo máximo de 0,19 €/Km.
- Acreditación das medidas de difusión onde aparezan os logos do Concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes , tales como carteles,dípticos,paxina web e outros.

PAGAMENTO

O pago efectuarase unha vez xustificada de xeito completo a subvención concedida, mediante transferencia a conta corrente sinalada pola entidades beneficiaria.

